



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

http://www.sghn.org e-mail: sghn@sghn.org

### REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 09/05/2018 11:02:15

ENTRADA 11085 / RX 1251610



Sr. Comisario de Aguas  
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil  
Rúa do Progreso, 6  
32071 Ourense

**ASUNTO:** Información pública do "Expediente A/32/21111. Solicitude de concesión dun aproveitamento de augas. Peticionario: Paratermo Energía, SL." (BOP Ourense nº 95 de 26-04-2018)

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

### EXPÓN:

1. Que Paratermo Energía SL solicita un aproveitamento de 4,95 l/s de auga para derivar do río Camba en Fornelos de Filloás (Viana do Bolo, Ourense) mediante un pozo de bombeo con toma directa ao río mediante condución soterrada e almacenamento nun depósito de 4900 m<sup>3</sup> de capacidade desde o cal se bombearían á planta de produción de enerxía prevista nun **proxecto que recibiu unha Declaración De Impacto Ambiental desfavorable por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia (DOG nº 56, do 21-03-2017).**
2. Que, en relación estrita coa solicitud de aproveitamento de augas, compre salientar que afectaría directa e negativamente a:
  - a. Un tramo do río Camba incluído na "Proposta de Ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia" do ano 2011, como se sinala expresamente na web da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
  - b. Un hábitat de conservación prioritaria na Unión Europea (91E0\*: Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsor*) sen que existan razóns de interese público de primeiro orden que o xustifiquen
  - c. **Unha especie de invertebrado acuático en perigo de extinción a nivel galego e español (*Margaritifera margaritifera*).**
  - d. Dúas especies de vertebrados incluídas na categoría de vulnerables no Catálogo Galego de Especies Ameazadas: un anfibio (*Rana iberica*) e un mamífero acuático (*Galemys pyrenaicus*).
3. Que dos indicados no punto anterior, o impacto do proxecto sería crítico no caso de *Margaritifera margaritifera* pois, segundo os traballos do Grupo de Investigación de "Conservación de peces e moluscos" da Universidade de Santiago de Compostela (Ondina et al. 2010; Lois et al., 2014) a poboación do río Camba:
  - a. É unha das poucas que perviven actualmente na provincia de Ourense e a cuarta máis importante de Galicia en canto ao número de individuos: no treito de río de 10 km entre os dous encoros estímase que existen preto de 16.000 exemplares, máis do 8,5 % dos efectivos galegos da especie.
  - b. Nalgúns tramos deste río alcanza as maiores densidades observadas nos ríos galegos, próxima aos 50 individuos/m<sup>2</sup>, chegando a superar puntualmente os 300 individuos/m<sup>2</sup>, densidade moi destacable non só na Península Ibérica senón tamén a nivel europeo.
  - c. É unha das poucas poboacións da Península Ibérica nas que se observou reclutamento, aínda que non o suficiente para mantela viable no futuro.
  - d. Está xa afectada por unha abusiva explotación do recurso auga polo encoro de As Portas que, agás necesidade de aliviar pola comporta nas máximas enchentes, deriva a meirande parte do caudal de toda a cabeceira do río Camba á súa central hidroeléctrica soterrada que desauga no río Conso.



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

2/2

Por todo o cal,

### SOLICITA:

Que se desestime total e definitivamente a solicitude de aproveitamento de augas presentada por Paratermo Energía, SL (Expediente A/32/21111).

En Santiago de Compostela a 8 de maio de 2018

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto

### Bibliografía citada:

Ondina P., R. Romeu, S. Lois, A. Outeiro, R. Amaro and E. San Miguel. 2010. Plan de Recuperación de *M. margaritifera* (L.). Xunta de Galicia.

Lois S., P. Ondina, A. Outeiro, R. Amaro and E. San Miguel. 2014. The north-west of the Iberian Peninsula is crucial for conservation of *Margaritifera margaritifera* (L.) in Europe. *Aquatic Conservation: Marine and Freshwater Ecosystems* 24: 35-47.